

## CIRCULAR INFORMATIVA

### CONVOCATORIA da elección de representantes ao Consello Escolar do Persoal de Administración e Servizos

De acordo coa Resolución do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29-09-2021), a Xunta Electoral deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DO PERSOAL DE ADMINISTRACION E SERVICIOS**, segundo as seguintes normas:


**Primeiro.-** Conforme o establecido no artigo 11 apartado 13 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, corresponde elixir no presente proceso electoral ao único/a representante do persoal de administración e servizos, que remataría o seu mandato en 2024.

**Segundo.-** Son electores todo o persoal de administración e servizos incluídos/as no Censo correspondente exposto no taboleiro de anuncios na entrada do Centro, a partir da data desta convocatoria. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día 15 de novembro.

**Terceiro.-** Son elixibles o persoal de administración e servizos que, estando incluídos no Censo electoral correspondente, formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilita na Secretaría do Centro. As candidaturas poderanse presentar a partir da data desta convocatoria e ata as 14:00 horas do día 12 de novembro.

**Cuarto.-** O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público o, entre o persoal de administración e servizos que non se presenten como candidatos/as, o día 16 de novembro, ás 11:20 horas. Dita mesa electoral estará composta polo Director do Centro, que actuará como Presidente, e un membro/a do PAS que actuará de secretario/a.

**Quinto.-** A campaña electoral comprenderá dende a data de proclamación de



candidatas ata o 21 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Centro. O día 22 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.

**Sexto.-** Poderán actuar como supervisores da votación calquera membro do persoal de administración e servizos do Centro.

**Sétimo.-** As votacións realizaranse neste Centro o día 23 de novembro, de 9:00 a 9:15 horas. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 8:50 horas.

**Oitavo.-** Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **un** nome dos/as candidatos/as presentados/as, debendo acreditar a súa personalidade á hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegado. Non se admitirá o voto por correo.

**Noveno.-** Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e, unha vez realizado, levantarase acta para o seu envío á Xunta Electoral do Centro.

**Décimo.-** A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Miño, 4 de novembro de 2021.

O Director do Centro e Presidente da Xunta Electoral,

Asdo: Juan Luis García Díaz